


Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



NADAL 2013

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



EDUCACIÓN INFANTIL:

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s ides

escribir ...

...unque hai quen di que xa se ve a luz ao final do túnel, non está moi claro, por iso recomendamos:


ORGANÍZATE tamén para ser pedichón ou pedichona!!!.

Fala cos teus e coas túas

compas e poñédevos de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pedide tod@s unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. E a libretiña? diredes. Pois para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico"

EDUCACIÓN INFANTIL

- **O galo Ernesto-Baía :** Fábulas de La Fontaine adaptadas e ilustradas por M.Daporta. Tres títulos máis para escoller ou pedirse todos.



- **O meu gato sempre me imita-Kwon Yoon-duck-Lata de Sal:** Un fermosísimo álbum ilustrado, no que nena e gata comparten xogos e actividades. Un cotilleo?

Equivocáronse, non é un gato, é unha gata. Non hai gatos tricores.

<http://www.latadesal.com/gl/libros/gatos/o-meu-gato-sempre-me-imita>

Na mesma editorial:

Gato vermello.Gato azul-

J.Desmond: Pelexaban cada vez que se atopaban, pero, en segredo, cada un quere ser coma o outro. Un conto que trata da felicidade, da autoestima e da superación.[http://](http://www.latadesal.com/gl/libros/gatos/gato-vermello-gato-azul)



www.latadesal.com/gl/libros/gatos/gato-vermello-gato-azul



• **Non fai falta a voz-A. Quintero-OQO:** Outros animais teñen voz, pero non a pequena xirafa, que realmente non a precisa para comunicarse coa súa nai. Bicos, ti, sabes



- **Sopa verde-A.Madeira-OQO:** Este coelliño éche mal comedor. Só quere alimentos verdes. Outros animais tentarán convencelo de que probe outros. Un conto cheo de cores, alimentos,


cantidades...e animais. Probará o coelliño alimentos doutra cor?

- **O cascabel da gata-P.Albo-OQO:** Outro divertido conto de Albo, onde a picacona de Benita perde o axóuxere e fará de



todo para recuperalo.

- **Mamá-M.Ruiz-Kalandraka:** Poesía e ilustracións para unha das persoas que máis queres neste mundo (aunque a veces coides que non)



• **Toc toc-Pablo Díaz-Galaxia:** Cancións para aprendelas todas e cantar ata quedar sen voz. Non deixes de pedilo, vaiche encantar

